

Bases de participación na Reconquista Infantil “Reconquistiña” 2023

1.- **Convocatoria.** Anúnciase a convocatoria, para todos os centros educativos de ensino público e ensino concertado do Concello de Vigo, da inscrición para a participación no Desfile da 7ª Reconquista Infantil “Reconquistiña” que terá lugar no mes de marzo de 2023.

As escolas que desexen participar deberán remitir cuberta a ficha de inscrición que se achega coas bases ao enderezo cascovello@galicia.com, a partires da publicación da convocatoria na web do concello www.vigo.org e da asociación www.avcascovello.com ata as 12 da noite do día 3 de febreiro

2.- **Idade.** A actividade está dirixida preferentemente ao alumnado de 3º e 4º curso do ensino primario, aínda que se poderá ter en conta particularidades concretas de cada escola.

3- **Participación.** Establécese un número máximo de 1.400 participantes, cun máximo de 50 alumnos e alumnas por escola. As primeiras prazas serán reservadas para os colexios que participaron en anteriores edicións, e se inscriban na presente, porque xa dispoñen do vestiario e atrezzo necesario empregado con anterioridade.

O número total de participantes completárase co resto de centros escolares que manifesten o seu desexo de participar.

No caso de que o número total de alumnos e alumnas dos colexios que queiran participar exceda das 1400 prazas ofertadas procederase a facer un sorteo entre os de nova inscrición ata completar ese cupo.

4.-**Vestiario.** Igual que nas anteriores edicións a Asociación Casco Vello prestará un número de vestidos de francés para os nenos e nenas de cada unha das escolas participantes. O resto irán vestidos con traxes semellantes aos da

época napoleónica que estarán compostos por elementos sinxelos que haxa nas casas sen que faga falta facer un gasto extraordinario.

Con todo e con iso deberemos coidar a indumentaria para evitar para xerar unha mellor posta en escena.

5.-Estandarte. Todas as escolas participantes virán provistas dun estandarte que cada unha delas elaborará para que vaia diante da comitiva. As medidas serán aproximadamente de 1,20 o soporte vertical e duns 40x65 o rectángulo superior onde deberá constar con letra clara, e o máis lexible posible, o nome da escola. Este formato poderá variarse se algunha escola quere facer un estandarte dunhas características especiais aténdonos sempre as características xerais de claridade e vistosidade.

6.-Tambores. Cada escola preparará os tambores que cada neno e nena portará no día do desfile. Estes poderán estar feitos con calquera material buscando a máxima robustez para evitar roturas. Deberán estar preparados o día no que se realice o obradoiro de percusión no cole.

7.- Obradoiros de percusión. Días antes do día do desfile, en cada unha das escolas participantes, realizarase un obradoiro no que, persoal enviado pola organización, ensinará os toques básicos da muiñeira e da xota así como as cancións que se interpretarán no desfile.

8.- Desprazamento. O Concello dotará a cada escola dos autobuses necesarios para o desprazamento ao Casco Vello e o retorno ao centro escolar.

9.- Horario. Os buses recollerán aos nenos e nenas nas súas escolas co tempo suficiente que permita que entre as 10.15 e as 10.30 todos e todas esteamos no lugar de saída do desfile que empezará ás 10.30, seguindo o percorrido que se marcará, para ir cara a Praza do Berbés, co remate previsto do evento sobre as 13:00 horas cando se iniciará a viaxe de volta nos autobuses ás respectivas escolas. .

10.- **Avituallamento.** As escolas traerán no autobus os bocadillos ou outros elementos de alimentación que precisen para o almorzo dos nenos e nenas. A organización disporá nopunto de saída do desfile un transporte que recollerá estes alimentos, que deberán vir en caixas debidamente sinalizadas, e transportaraos á Praza do Berbés para ser repartidos alí ao final do desfile. Nese mesmo punto a organización entregará auga e bebida chocolatada para todos os alumnos e alumnas.

11.- **Desfile.** Como norma xeral os nenos e nenas de cada unha das escolas virán acompañados polos seus profesores e profesoras. Con todo, na comitiva poderán integrarse tamén compoñentes de ANPAS, pais e nais que cada escola considere, coa única condición de que todos os adultos vaian vestidos de época.

Unha vez chegados á Praza do Berbés interpretaranse as cancións aprendidas nos obradoiros e procederase a repartir a comida e a bebida que comporá o almorzo; unha vez rematado este comezará a actuación musical que fará o fin de festa.

12.- **Data.** O Desfile terá lugar o xoves 30 de marzo.

13.- **Xornada previa.** O día anterior ao desfile co gallo de divulgar o acontecemento, dentro ou nas inmediacións centro escolar, poderá organizarse un desfile no que o resto de nenos e as nenas da escola contemplarán como espectadores e espectadoras o desfile dos que se desprazarán ao día seguinte ao Casco Vello. Estes marcharán completamente ataviados cos traxes de época e tocando os seus tambores.

Así mesmo os nenos e nenas que se van desprazar ao desfile na data fixada serán despedidos nese día polo resto dos seus compañeiros e compañeiras no intre de saír do cole e dirixirse aos buses.